



## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Brais Cubeiro Fernández, do BNG.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, incorpórase á sesión durante o debate do punto 2.5 da orde do día.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de xuño de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201806281802230000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2018, á sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2018, á sesión ordinaria do día 5 de abril de 2018 (con carácter supletorio da correspondente ao día 2 de abril de 2018), á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2018, á sesión extraordinaria do día 18 de maio de 2018 e á sesión ordinaria do día 31 de maio de 2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:34

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2018, á sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2018, á sesión ordinaria do día 5 de abril de 2018 (con carácter supletorio da correspondente ao día 2 de abril de 2018), á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2018, á sesión extraordinaria do día 18 de maio de 2018 e á sesión ordinaria do día 31 de maio de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezaoto concelleiros na sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2018 e na sesión ordinaria do día 18 de maio de 2018 [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezaoto concelleiros na sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2018 e na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2018 [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezaoto concelleiros na sesión ordinaria do día 5 de abril de 2018 [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 31 de maio de 2018 [os seis concelleiros do PP; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. Proposta de aprobación de modificación do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2018

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:01:04

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Polo Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de dous mil dezaoto, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobar o crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2018 para a aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2017.

Segundo o dito acordo, aprobouse aplicar o remanente de tesourería para gastos xerais ao financiamento deste expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario por un importe total de 1.326.837,94 euros cos seguintes obxectos:

- para o financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», por importe total de 106.421,55 euros.
- para o financiamento dos seguintes investimentos financeiramente sostibles:

Aplicación	Código proxecto	Nome proxecto	Importe
133/60900	2018/4/133/1	Aparcadoiro provisional contorno campo fútbol Brexo-Lema	17.000,00
133/60900	2018/4/133/2	Aparcadoiro provisional N VI. Contorno Vila Concepción	14.000,00
133/60900	2018/4/133/3	Actuación de seguridade viaria mediante a rectificación de trazado do camiño codificado como 192 en Cela	14.000,00
133/60900	2018/4/133/4	Actuación de seguridade viaria mediante a construción duna rotonda no camiño codificado como 183 de Cela	24.000,00
<b>Total 133/60900</b>			<b>69.000,00</b>

1532/60900	2018/4/153/4	Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple	543.894,66
1532/60900	2018/4/153/5	Reordenación ámbito urbano(estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II	66.541,42
1532/60900	2018/4/153/6	Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala, Cambre.	39.324,82
1532/60900	2018/4/153/7	Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase II)	120.000,00
1532/60900	2018/4/153/8	Reordenación do espazo peonil na rúa Estanque	45.000,00
		<b>Total 1532/60900</b>	<b>814.760,90</b>
1532/61900	2018/4/153/9	Acondicionamento de beirarrúa na Barcala	36.755,49
1532/61900	2018/4/153/10	Beirarrúas na mazá M3 da Barcala	48.000,00
		<b>Total 1532/61900</b>	<b>84.755,49</b>
342/62200	2018/4/342/3	Cerramento perimetral do polideportivo Portofaro	108.900,00
342/62200	2018/4/342/4	Cambio estético do polideportivo do Temple	121.000,00
		<b>Total 342/62200</b>	<b>229.900,00</b>
		<b>Total suplemento de crédito</b>	<b>1.198.416,39</b>
333/62200	2018/4/333/1	Desmonte e muro perimetral en Brexo-Lema	22.000,00
		<b>Total 333/62200</b>	<b>22.000,00</b>
		<b>Total crédito extraordinario</b>	<b>22.000,00</b>
		<b>Total investimentos financeiramente sostibles</b>	<b>1.220.416,39</b>

De conformidade co disposto no artigo 3.1.i) da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

Tendo en conta que os investimentos financeiramente sostibles denominados "Aparcadoiro provisional contorno campo fútbol Brexo-Lema" cun importe de 17.000,00€ e "Aparcadoiro provisional N VI. Contorno Vila Concepción" cun importe de 14.000,00 €, imputables ambos investimentos á aplicación orzamentaria 133/60900, pódense refundir nun único proxecto denominado "Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo Lema, Cambre", cun importe total de 30.999,98 €, procedendo deste xeito a unha única licitación, o que supón un aforro de custos administrativos para o Concello.

Tendo en conta que deste xeito, procederase a aplicar o remanente de tesourería para gastos xerais ao financiamento deste expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario por un importe total de 1.326.837,92 euros cos seguintes obxectos:

- para o financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», por importe total de 106.421,55 euros. (este punto non se vería modificado en modo algún).
- para o financiamento dos seguintes investimentos financeiramente sostibles:

Aplicación	Código proxecto	Nome proxecto	Importe
133/60900	2018/4/133/1	Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo Lema, Cambre	30.999,98
133/60900	2018/4/133/3	Actuación de seguridade viaria mediante a rectificación de trazado do camiño codificado como 192 en Cela	14.000,00
133/60900	2018/4/133/4	Actuación de seguridade viaria mediante a construción duna rotonda no camiño codificado como 183 de Cela	24.000,00
		<b>Total 133/60900</b>	<b>68.999,98</b>
1532/60900	2018/4/153/4	Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple	543.894,66



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1532/60900	2018/4/153/5	Reordenación ámbito urbano(estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II	66.541,42
1532/60900	2018/4/153/6	Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala, Cambre.	39.324,82
1532/60900	2018/4/153/7	Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase II)	120.000,00
1532/60900	2018/4/153/8	Reordenación do espazo peonil na rúa Estanque	45.000,00
		<b>Total 1532/60900</b>	<b>814.760,90</b>
1532/61900	2018/4/153/9	Acondicionamento de beirarrúa na Barcala	36.755,49
1532/61900	2018/4/153/10	Beirarrúas na mazá M3 da Barcala	48.000,00
		<b>Total 1532/61900</b>	<b>84.755,49</b>
342/62200	2018/4/342/3	Cerramento perimetral do polideportivo Portofaro	108.900,00
342/62200	2018/4/342/4	Cambio estético do polideportivo do Temple	121.000,00
		<b>Total 342/62200</b>	<b>229.900,00</b>
		<b>Total suplemento de crédito</b>	<b>1.198.416,37</b>
333/62200	2018/4/333/1	Desmonte e muro perimetral en Brexo-Lema	22.000,00
		<b>Total 333/62200</b>	<b>22.000,00</b>
		<b>Total crédito extraordinario</b>	<b>22.000,00</b>
		<b>Total investimentos financeiramente sostibles</b>	<b>1.220.416,37</b>

Por todo iso, propónse ao Pleno, para a súa aprobación, se procede, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Aprobar a modificación do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2018 por importe de 1.326.837,92 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais co seguinte detalle:

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
132	20400	Aluguer elementos transporte Seguridade e Orde Público	1.692,86
133	60900	Outras infraestruturas ordenación tráfico e estacionamento	68.999,98
1532	21000	Mantem. Infraestruturas Pavimentac. Vías	149,09
1532	60900	Infraestruturas novas pavimentación	814.760,90
1532	61900	Outros investimentos reposic. infraestrut. Pavimentac. vías	84.755,49
160	22100	Enerxía eléctrica Saneamento	2.431,84
165	22100	Enerxía eléctrica alumeadado público	51.460,28
171	21000	Mantemento infraestruturas parques e xardíns	145,20
171	22799	Servizo mantemento xardíns	1.191,85
231	22700	Limpeza atención social primaria	157,30
231	48000	Axudas emerxencia social	922,13
241	22199	Outras subministracións fomento de emprego	763,80
241	22699	Outros gastos diversos formación de emprego	10,00
312	21200	Mantemento edificios centros de saúde	492,86
323	21200	Mantemento edificios ensinanza infantil e primaria	40,85
323	22100	Enerxía eléctrica ensinanza infantil e primaria	12.000,62
326	22609	Actividades culturais e deportivas educación	422,73
3321	22001	Prensa, revistas, e outras, bibliotecas	380,00
333	22609	Activ. culturais equipam. culturais e museos	1.429,30
334	21200	Mantem. Edificios promoción cultural	120,26
334	22000	Ordinario non inventariable promoción cultural	363,00
334	22609	Actividades culturais	1.151,00
337	22610	Programas Xuventude	12,92

341	22601	Atencións protocolarias Deportes promoc. e fomento	168,15
342	22100	Enerxía eléctrica instalacións deportivas	3.158,51
342	22699	Outros gastos diversos instalacións deportivas	363,00
342	62200	Instalacións deportivas	233.770,86
912	22601	Atencións protocolarias Órganos de goberno	302,50
920	21200	Mantemento edificios Admin. Xeral	145,20
920	21300	Mantemento maquinaria Admin. Xeral	838,26
920	21600	Mantemento equipos procesos información Admin. Xeral	465,85
920	22100	Enerxía eléctrica Admin. Xeral	7.740,14
920	22104	Vestiaro Admin. Xeral	16,09
920	22602	Publicidade e propaganda Admin. Xeral	1.089,00
920	62200	Edificios Admin. Xeral	11.049,43
924	22699	Outros gastos diversos Participación cidadana	31,15
		Total suplemento de crédito	1.302.992,40
241	22100	Enerxía eléctrica centro de formación municipal	739,90
333	62200	Edificios equipamentos culturais	22.000,00
433	22602	Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial	566,28
920	22701	Servizo de alarmas dependencias municipais	539,34
		Total crédito extraordinario	23.845,52
		Total modificación financiada por superávit	1.326.837,92

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.2. Aprobación, se procede, do Plan económico financeiro do Concello de Cambre 2018/2019

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:02:38

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o Plan económico-financiero suscrito polo Interventor municipal de data 14 de xuño de 2018, cuxa necesidade se orixina pola aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2017.

Resultando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en relación co artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de conformidade co disposto no citado artigo,

É polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Quedar decatado do resultado da avaliación do obxectivo da regra de gasto efectuado pola Intervención Municipal mediante Informe de data 14 de xuño de 2018.

**Segundo:** Aprobar o Plan Económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

**Terceiro:** Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o PEF a través da aplicación PEFEL de acordo co establecido no art.9.2 da Orde HAP 2105/2012 e dar conta do mesmo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para a súa publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan Económico-financeiro.

**Cuarto:** A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado por Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.

**Quinto:** A efectos exclusivamente informativos, unha copia do plan económico financeiro deberá acharse a disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno da corporación local e, no seu caso, polos órganos competentes da administración pública que exerza a tutela financeira das entidades locais, ata a finalización da vixencia daquel plan (art.26 do RD 1643/2007).

**Sexto:** Notificar o presente acordo a Intervención Municipal, para os efectos oportunos.

## ANEXO

### PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

Expediente PEF 2018/2019

### ÍNDICE DE DOCUMENTOS

- 1 PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE CAMBRE 2018/2019.

### PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

#### ÍNDICE

-Introdución.

#### SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

**A.** Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos

- B. Análise das principais variables financeiras
- C. Conclusións e causas de incumprimento

## PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2018-2019

- A. Obxectivos
- B. Proxección de ingresos e gastos sen medidas
- C. Medidas
- D. Proxección de resultados
- E. Proxección de variables financeiras
- F. Conclusións

### INTRODUCCIÓN.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2 /2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF). Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das AAPP a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (2,10% para 2017).

Mediante Decreto de Alcaldía nº 695/2018 do 28 de marzo, apróbase a liquidación do Orzamento Municipal de 2017, da que resulta o incumprimento da Regra do Gasto.

En concreto, este incumprimento identifícase no Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, Estabilidade Financeira e da Regra de Gasto, con motivo da Liquidación do Orzamento Municipal de 2017 que establece o seguinte:

#### “ CUMPLIMIENTO DE LA REGLA DE GASTO

.....

A la vista del gasto computable resultante de la liquidación del presupuesto 2017 se informa **negativamente** el cumplimiento del objetivo de Regla de Gasto, al exceder el techo de gasto en 126.852,48 euros. Este incumplimiento obliga a formular un plan económico-financiero que permita, en un año, el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (LOEPSF).”

Establece o artigo 21 da LOEPSF o seguinte:

“1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, con o contido e alcance previstos neste artigo.

2. O plan económico-financiero conterá como mínimo a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas

fiscais e de gastos.

- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos”

Ademais o artigo 23 de citada Lei preceptúa:

“1. Os plans económico-financeiros e os plans de reequilibrio serán presentados, previo informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos supostos en que resulte preceptivo, ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ou se aprecien as circunstancias previstas no artigo 11.3, respectivamente. Estes plans deberán ser aprobados polos devanditos órganos no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento ou da apreciación das circunstancias previstas no artigo 11.3.

No cómputo do prazo máximo dun mes previsto anteriormente non se computará o tempo transcorrido entre a solicitude e a emisión do informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

.....

4. Os plans económico-financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán estar aprobados polo Pleno da Corporación. Os correspondentes ás corporacións incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais serán remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación definitiva e seguimento, salvo no caso de que a Comunidade Autónoma en cuxo territorio se atope a Corporación Local teña atribuída no seu Estatuto de Autonomía a competencia de tutela financeira sobre as entidades locais.

.....

Os plans económico-financeiros remitiranse para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local. Darase a estes plans a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade”.

Á súa vez o artigo 116 bis da LRBRL preceptúa: “2. Adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

Establece a Nota Explicativa da Reforma Local emitida polo Ministerio de Facenda e AA.PP. sobre o precepto citado, que “no citado plan deberá valorarse a aplicabilidade das medidas que se citan en artigo 116 bis da LRBRL”.

Das magnitudes económicas arroxadas na Liquidación do Orzamento de 2017 e as resultantes no primeiro trimestre de 2018, non se conclúe necesario o establecemento das medidas reguladas no artigo 116 bis da LRBRL, xa que o Concello atópase nunha boa situación económica.

## **SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONOMICO-FINANCIERO**



## A.-Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica do Concello de Cambre analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2015, 2016 e 2017, xa que a análise do tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento da variable regra do gasto na liquidación do exercicio 2017.

### A.1.-INGRESOS.

#### A.1.1.-Totais.

Cap.	Denominación	LIQUIDACIÓN 2015	LIQUIDACIÓN 2016		LIQUIDACIÓN 2017	
		Valor	Valor	Variación	Valor	Variación
1	Impostos directos	5.185.514,70	5.202.042,65	0,32 %	5.800.610,02	11,51 %
2	Impostos indirectos	139.010,57	177.272,11	27,52 %	171.416,36	-3,30 %
3	Taxas e outros ingresos	2.767.597,35	2.604.602,73	-5,89 %	2.782.895,44	6,85 %
4	Transferencias correntes	6.321.436,64	7.100.469,29	12,32 %	7.407.497,02	4,32 %
5	Ingresos patrimoniais	6.446,93	3.728,87	-42,16 %	344,03	-90,77 %
6	Alleamento de investimentos	4.129,22	150,00	-96,37 %	0,00	-100,00 %
7	Transferencias de capital	858.795,63	547.180,25	-36,29 %	852.353,12	55,77 %
8	Activos financeiros	11.932,70	45.144,35	278,32 %	40.730,22	-9,78 %
9	Pasivos financeiros	402.881,09	467.077,47	15,93 %	192.165,26	-58,86 %
<b>TOTAIS</b>		<b>15.697.744,83</b>	<b>16.147.667,72</b>	<b>2,87 %</b>	<b>17.248.011,47</b>	<b>6,81 %</b>

O total de recursos liquidados deste Concello, que no último ano liquidado 2017 situou en 17.248.011,47 euros, experimentou un aumento ao longo do período obxecto de análise, acumulando un incremento do 9,87%.

#### A.1.2.-Capítulos económicos máis representativos.

Dos datos anteriormente indicados podemos derivar, con carácter xeral, que:

1.- O capítulo de ingresos máis importante é o catro, pois representa o 42,95 % do total de ingresos do municipio no exercicio 2017, debido a importancia de conceptos como os de participación nos tributos do Estado(420.00) e da participación nos tributos da Comunidade Autónoma (450.00).

2.-A cifra de dereitos recoñecidos por impostos directos aumenta ano a ano, pasando dos 5.185.514,70 € en 2015 aos 5.800.610,02 € no ano 2017, ese importe teñen a súa orixe en boa parte pola aprobación da nova ponencia de valores respecto do IBI como aparece reflectido no informe da Intervención Municipal de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do limite de débeda de data 28/03/2018 con motivo da aprobación da liquidación do exercicio 2017.

3.-Os dereitos recoñecidos por alleamento de investimentos presenta unha evolución descendente ata cegar a cero € no exercicio 2017 cunha importancia relativa no conxunto dos ingresos moi reducida (0,03% no exercicio 2015 que foi o de maior cifra do período analizado).

No mesmo senso podemos referirnos aos dereitos recoñecidos no capítulo 5 referente a ingresos patrimoniais e, en concreto aos xuros de depósitos que devenga o Concello.

4.-A segunda diminución mais importante a nivel de dereitos recoñecidos afecta ao capítulo 9 referente aos Pasivos financeiros que no exercicio 2016 incrementáronse nun 15,93 % respecto do exercicio 2015, pero no 2017 diminuíron nun 58,86% e xa que ditas cifras estean relacionadas practicamente na súa totalidade con operacións de préstamos a cargo do Concello dita diminución debese vincular co ritmo de execución dos proxectos vinculados a esas operacións financeiras de préstamo.

## A.2.- GASTOS.

### A.2.1 Totais.

Cap.	Denominación	LIQUIDACIÓN 2015	LIQUIDACIÓN 2016		LIQUIDACIÓN 2017	
		Valor	Valor	Variación%	Valor	Variación %
1	Gastos de persoal	5.712.492,14	5.636.398,84	-1,33	5.936.049,50	5,32
2	Compra de bens e servizos	6.053.356,80	6.662.516,81	10,06	7.170.244,08	7,62
3	Gastos financeiros	61.593,96	74.434,51	20,85	41.236,39	-44,60
4	Transferencias correntes	871.728,33	830.738,91	-4,70	876.186,20	5,47
6	Investimentos reais	1.471.270,47	1.282.008,55	-12,86	1.624.173,09	26,69
7	Transferencias de capital	15.058,91	13.849,73	-8,03	9.527,76	-31,21
8	Activos financeiros	53.359,48	42.375,05	-20,59	40.064,38	-5,45
9	Pasivos financeiros	615.006,46	539.403,72	-12,29	1.059.211,60	96,37
<b>TOTAIS</b>		<b>14.853.866,55</b>	<b>15.081.726,12</b>	<b>1,53</b>	<b>16.756.693,00</b>	<b>11,11</b>

No ano 2017 un nivel de gastos de 16.756.693,00 € o que supón un incremento acumulado no período 2015-2017 dun 12,81%.

### A.2.2.-Capítulos económicos máis representativos.

1.-O capítulo de gastos máis importante é o dous, pois representa o 42,79 % do total de gastos do municipio no exercicio 2017, debido a importancia de artigos como o 21 reparacións, mantemento e conservación con 497.536,05 € de obrigas recoñecidas e especialmente o artigo 22 material, subministracións e outros con 6.367.063,50 € onde destacan conceptos como o 221.00 de enerxía eléctrica (883.721,66 €), o 221.01 auga (604.320,87 €) e principalmente o relativo a traballos realizados pos outras empresas e profesionais (3.404.336,33 €).

2.-O capítulo que experimenta un maior incremento en termos porcentuais e o nove (o 72,22% acumulado no período analizado e o 96,37% no exercicio 2017) polas amortizacións de préstamos efectuadas en dito período o que tamén pode explicar que o capítulo terceiro relativo a gastos financeiros ,concretamente xuros de prestamos, sexa o que máis diminúe no período 2015-2017 cun 33,05 % acumulado e o 44,60% no exercicio 2017.

3.-Os gastos realizados no capítulo sexto relativo a investimentos reais constatan o segundo incremento en importancia relativa cun aumento acumulado do 10,39 % e do 26,69 % no exercicio 2017.

4.-Os gastos de persoal constitúen o segundo capítulo mais importante a nivel de gastos en termos absolutos cun incremento acumulado do 3,91 % no período indicado.

## B.-Análise das principais variables financeiras

Para completar o estudo da estrutura económica deste Concello analízase a evolución das principais variables financeiras nos 3 últimos exercicios liquidados, 2015, 2016 e 2017.

### B.1.-Remanente de Tesourería

		LIQUIDACIÓN 2015	LIQUIDACIÓN 2016		LIQUIDACIÓN 2017	
Remanente de tesourería abreviado		Valor	Valor	Variación %	Valor	Variación %
+	Debedores pendentes de cobro	2.275.967,39	1.839.431,65	-19,18	2.167.426,19	17,83
	+ Do orzamento corrente	1.783.347,15	1.266.018,58	-29,01	1.605.170,14	26,79
	+ De orzamentos pechados	271.610,65	435.731,65	60,43	431.885,16	-0,88
	+ Doutras operacións non orzamentarias	221.009,59	137.681,42	-37,70	130.370,89	-5,31
	- Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva	86,60	2.650,46	2960,58	1.156,14	-56,38
-	Acredores pendentes de pago	1.468.341,97	1.168.710,91	-20,41	1.665.317,67	42,49
	+ Do orzamento corrente	1.170.375,39	840.680,17	-28,17	1.150.409,51	36,84
	+ De orzamentos pechados	127,60	127,60	0,00	127,60	0,00
	+ Doutras operacións non orzamentarias	297.838,98	327.903,14	10,09	514.780,56	56,99
	- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	964480,37	979.969,37	1,61	989.669,51	0,99
+	Fondos líquidos de Tesourería	1.553.489,16	2.740.950,43	76,44	3.379.752,41	23,31
=	<b>REMANENTE DE TESOURARÍA</b>	<b>3.325.508,35</b>	<b>4.388.990,08</b>	<b>31,98</b>	<b>4.870.374,30</b>	<b>10,97</b>
-	Saldo de dubidoso cobro	1.084.503,77	1.149.814,89	6,02	1.269.823,26	10,44
-	Exceso de financiamento afectado	486.528,39	541.685,99	11,34	394.975,68	-27,08
=	<b>REMANENTE PARA GASTOS XERAIS</b>	<b>1.754.476,19</b>	<b>2.697.489,20</b>	<b>53,75</b>	<b>3.205.575,36</b>	<b>18,84</b>
	% Sobre ingresos correntes					

O remanente de tesourería (RT) e unha variable-fondo que amosa a 31 de decembro de cada ano o superavit ou déficit acumulado ao longo de distintos exercicios polo Concello. Constitúe un indicador de liquidez e esta regulado nos arts. 191 e 193 do RDL 2/2004, ase como nos arts. 101-105 do RD 500/1990 e na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do Modelo Normal de Contabilidade local.

O RT representa a situación de superávit ou déficit que ten a entidade pública ao finalizar o exercicio, situación que é acumulada, é dicir que se orixinou ao longo dos distintos exercicios pasados. Tal situación deriva da xestión orzamentaria do exercicio corrente e dos exercicios cerrados e doutras operacións non orzamentarias, comerciais (no caso de Organismos Autónomos de carácter non administrativo), de administración de recursos doutros entes. Por tanto, este estado integra información de todos os subsistemas contables. Representa a liquidez acumulada (ou a necesidade de financiamento, si é negativo) da entidade pública e constitúe un indicador da súa saúde financeira.

Dos datos relativos ao RT correspondente aos exercicios 2015-2017 podemos obter as seguintes observacións:

1.- Respecto da evolución do pendente de cobro constatase que prodúcese unha redución que representa o 4,77 % acumulado no período e que ten a súa orixe na variación dos diferentes compoñentes do RT, a saber,

1.1.-O pendente de cobro de exercicio corrente diminúe nun 9,99 % acumulado no período,se ben no exercicio 2017 incrementase respecto do exercicio anterior nun 26,79 %.

1.2.- O pendente de cobro de pechados aumenta nun 59% acumulado e no exercicio 2017 diminúe respecto do exercicio anterior nun 0,88%.

1.3.-Respecto da compoñente relativa a operacións non orzamentarias a evolución e descendente nun 41,01 %,sendo a redución no exercicio 2017 respecto do exercicio anterior do 5,31%.

1.4.-Os ingresos pendentes de aplicación definitiva rexistran importes de escasa significación no conxunto da agrupación de bebedores pendentes de cobro e, polo tanto, do RT.

2.-No relativo ao pendente de pago a evolución no período e ascendente cun incremento do 13,41% acumulado o que ven motivado pola variación dos seus compoñentes segundo describimos de seguido,

2.1.- O pendente de pago de exercicio corrente reduciuse nun 1,70 % acumulado,se ben no exercicio 2017 incrementouse respecto do exercicio 2016 nun 36,84 %.

2.2.- O pendente de pago de exercicios pechados mantén unha evolución lineal sendo de escasa importancia relativa no conxunto da agrupación de acredores pendentes de pago.

2.3.- En canto as outras operacións non orzamentarias rexistra un incremento acumulado do 72,84 % no período e no exercicio 2017 o aumento e do 56,99 %.

2.4.-Os pagos realizados pendentes de aplicación definitiva presentan unha linea de evolución moi constante con escasas variacións no período .

3.-Os fondos líquidos de Tesourería presentan unha evolución ascendente importante cun incremento acumulado do 117,56 % sendo o incremento imputable ao exercicio 2017 respecto do 2016 do 23,31 % o que e determinante na evolución do RT no período considerado.

4.-A variación do RT no período analizado e ascendente cun incremento acumulado do 46,45 % e do 10,97 % no exercicio 2017 respecto do 2016.

## B.2.-Aforro Neto.

AFORRO NETO	LIQUIDACIÓN 2015	LIQUIDACIÓN 2016	LIQUIDACIÓN 2017
ING I a V	14.420.006,19	15.088.115,65	16.162.762,87
GTOS I, II, IV	12.637.577,27	13.129.654,56	13.982.479,78
Obrigacións financ. remanente liq. de tesouraría			373.901,85
ANUALIDADE TEÓRICA	573.186,93	561.535,72	292.958,54
	1.209.241,99	1.396.925,37	2.261.226,40

O Concello presenta aforro neto positivo durante todo o período considerado neste plan económico-financieiro e ademais cunha evolución ascendente durante o mesmo de forma que acadou un 87% de incremento acumulado e no exercicio 2017 dito incremento e dun 61,90 % respecto do exercicio 2016 representando en 2017 un 14,00 % dos ingresos correntes liquidados en dito exercicio.

## B.3.-Carga Financeira

CARGA FINANCEIRA	LIQUIDACIÓN 2015	LIQUIDACIÓN 2016	LIQUIDACIÓN 2017
(A) Carga financeira ( capítulo III + IX )	676.600,42	613.838,23	1.100.447,99
(B) ING I a V	14.420.006,19	15.088.115,65	16.162.762,87
(A)/(B)*100	4,70 %	4,10 %	6,80 %

A carga financeira do Municipio sitúase en 1.100.447,99 € durante 2017 o que representa, un 6,80 % dos ingresos correntes liquidados en dito exercicio, moi por baixo do límite legal do 25% dos ingresos correntes e nos exercicios anteriores a dita porcentaxe é aínda menor.

## B.4 Endebedamento

O Concello ten un nivel baixo de endebedamento, que se sitúa en 2.251.593,00 € a 31/12/2017, o que supón un 13,93 % dos seus ingresos correntes, o que fai que a Entidade se sitúe no rango de volume de débeda de menor do 75% dos seus ingresos correntes

A débeda co sector público supón o 44,79 % do total, 1.008.584,93 €.

A débeda co sector privado supón o 55,21% do total, 1.243.008,07 €.

## B.5.-Estabilidade Orzamentaria.

A estabilidade orzamentaria infórmanos da capacidade/necesidade de financiamento da entidade, o cal indirectamente implica que se limita que se aumente o endebedamento por encima da cantidade que se amortiza cada ano (calculado en termos SEC 10).

Se a entidade ten necesidade de financiamento (o seu gasto non financeiros son superiores aos seus ingresos non financeiros) isto supón que a entidade necesita de financiamento externo (endebedamento) para facer fronte aos seus gastos. Se a entidade ten capacidade de financiamento (os seus gastos non financeiros son inferiores aos seus ingresos non financeiros) esta representa a marxe de que dispón a entidade para facer fronte ao seu endebedamento ou, no seu caso, a proceder as aplicacións do correspondente superávit segundo determinan a disposición adicional 6ª da L.O 2/2012 e a disposición adicional 16ª do RDL 2/2004.

Tal e como se indica no Informe da Intervención Municipal a Liquidación do exercicio 2017 respecto do cumprimento do obxectivo de estabilidade "En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2. Segundo apréciase no cadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxase capacidade de financiamento".

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	17.015.115,99 €
b) Obrigacións capítulos I a VII orzamento corrente	15.657.417,02 €
<b>TOTAL (a – b)</b>	<b>1.357.698,97 €</b>
AJUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-279.434,72 €
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00 €
3) Axustes recadación capítulo 3	-43.720,40 €
6) Axuste por gastos de xuros devengados	-284,51 €
7) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-292.009,58 €
<b>c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5)</b>	<b>16.691.960,87 €</b>
<b>d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b + 6 + 7 + 8)</b>	<b>15.365.122,93 €</b>
<b>e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c - d)</b>	<b>1.326.837,94 €</b>
<b>En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c )</b>	<b>7,95%</b>

Polo tanto o Concello presento estabilidade orzamentaria por importe **1.326.837,94 €**, o que supón unha estabilidade do 7,95% sobre os ingresos non financeiros axustados en 2017.

## B.6.-Regra de Gasto

A Regra de Gastos é unha regra fiscal que o que pretende é limitar o gasto computable de tal forma que este non creza dun exercicio económico a outro máis nada que a porcentaxe aprobada polo Congreso dos Deputados. Esta magnitude fiscal foi introducida para os orzamentos do exercicio 2013 e o que pretende é obter un maior aforro público impoñendo unha barreira ao incremento do gasto que non vaia acompañado de medidas complementarias de incrementos da recadación.

Segundo determina o Informe da Intervención Municipal de data 28/03/2018 relativo a avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda vemos que:

O límite del gasto non financeiro para o exercicio 2017 será o seguinte:

Gasto computable exercicio 2016	12.546.248,68
Taxa de referencia aplicable	2,10%
Teito de gasto inicial	12.809.719,90
Aumentos /reducions de recadación:	418.780,51
<b>Teito de gasto definitivo para o exercicio 2017</b>	<b>13.228.500,41</b>

Calculando nos mesmos termos o gasto computable da liquidación do Orzamento do exercicio 2017, obtemos:

2017	Obrigacións recoñecidas netas
Capítulo 1	5.936.049,50
Capítulo 2	7.170.244,08
Capítulo 3	41.236,39
Capítulo 4	876.186,20
Capítulo 6	1.624.173,09
Capítulo 7	9.527,76
Capítulos 1 a 7	15.657.417,02
- Xuros da débeda	41.236,39
Empregos non financeiros sen xuros da débeda	15.616.180,63
Axustes SEC:	
+/- Gastos pendentes de aplicar ao orzamento	-292.009,58
Empregos no financeiros SEC sen xuros da débeda	15.324.171,05
- Gasto financiado con fondos finalistas da UE ou de outras Administracións Públicas:	
Unión Europea	53.403,65
Estado	21.122,94
Comunidade Autónoma	775.371,84
Deputacións	1.008.597,68
Outras Administracións Públicas	34.131,68
+/- Outros axustes	
- Gastos financiados con execución de avais para a súa execución subsidiaria imputados ao Orzamento	-20.518,76
- Gastos por sinistros financiados por compañías de seguros e imputados ao Orzamento	-18.173,91
- Gastos por indemnización concesionario piscina municipal por peche temporal de abril 2015 a xaneiro 2016	-37.497,70
<b>Gasto computable exercicio 2017</b>	<b>13.355.352,89</b>

A vista do cal, a Intervención Municipal engade no referido informe que:

“Á vista do gasto computable resultante da liquidación do orzamento 2017 infórmase negativamente o cumprimento do obxectivo de Regra de Gasto, ao exceder o teito de gasto en 126.852,48 euros. Este incumprimento obriga a formular un plan económico-financieiro que permita, nun ano, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos en Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEP).”



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **C.-Conclusión Estrutura Económica**

### **C.1.-Variables económicas:**

- a. Estado da liquidación de ingresos: 17.248.011,47 €.
- b. Estado da liquidación de gastos: 16.756.693,00 €
- c. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais: 3.205.575,36 € .
- d. Aforo Neto: 2.261.226,40 €.
- e. Carga financeira: 1.100.447,99 €.
- f. Endebedamento: 2.251.593,00 €.
- g. Estabilidade Orzamentaria: 1.326.837,94 €.
- h. Regra do gasto: 13.355.352,89 €.(excedido en 126.852,48 €)

### **C.2.-Causas do incumprimento.**

Da análise da información anterior despréndese que as causas que levaron a este Concello a incumprir a variable regra do gasto son as que se indican a continuación:

a.- As obrigas financiadas con remanente de tesourería por importe total de 938.002,16 € mediante a aprobación dun expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito (nº1/2017) por dito importe, dentro do cal 398.431,13 € corresponden a gastos imputables aos capítulos 1-7 do orzamento de gastos provenientes da aplicación do saldo da conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2016 e 539.571,03 a amortización de préstamos en aplicación do establecido no art.32 da L.O.2/2012.

b.- Atendendo a criterios orzamentarios, a Orde EHA 3565/2008 , do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades locais (modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo), dispón que as aplicacións ao orzamento dos ingresos contidos no remanente de tesourería recolleranse , ao longo do exercicio, no capítulo 8 do orzamento de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do orzamento.

Considerando o exposto, o remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, poderá dar lugar a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto.

c.- O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforo que vai xerando unha entidade local cada exercicio como consecuencia do desfaseamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforo haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante de unha situación de déficit estrutural. É máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, sempre que o remanente de tesourería é froito dun aforo orzamentario que permitirá á Entidade Local o financiamento de parte dos gastos doutros exercicios sen necesidade de acudir aos ingresos non financeiros do exercicio nin á obtención de recursos financeiros achegados por terceiros .

d.- No caso do Concello de Cambre esta situación de superávit orzamentario evidénciase no resultado orzamentario de 2017, que se cifra, unha vez axustado polas desviacións de financiamento do exercicio, isto é, a obrigacións recoñecidas con cargo ao remanente de tesourería afectado, en 1.516.083,57. €

Sentada a natureza do remanente de tesourería cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementaren o plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

e.- Sobre a base do exposto, cabe afirmar que o mantemento do cumprimento do obxectivo da regra de gasto, incumprido pola utilización do remanente de tesourería lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida

estructural algunha dada a natureza do remanente de tesourería no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida..

Esta foi a resposta a consulta exposta por COSITAL NETWORK á Secretaria Xeneral de Coordinación Autonómica e Local.

Para unha maior claridade, cinguíndonos de novo á entidade Concello de Cambre, xeradora do incumprimento, imos analizar o impacto que a utilización deste remanente de tesourería tivo para a liquidación de 2017 na regra de gasto:

GASTO COMPUTABLE LIQUIDACION 2016	12.546.248,68
TASA DE VARIACION PARA 2017 (2,10)	263.471,22
GASTO MÁXIMO ADMISIBLE INICIAL LIQUIDACION 2017	12.809.719,90
AUMENTOS DE RECADACIÓN	418.780,51
GASTO MÁXIMO ADMISIBLE DEFINITIVO LIQUID 2017	13.228.500,41
GASTO COMPUTABLE REAL LIQUIDACION 2017	13.355.352,89
EXCESO GASTO EN LIQUIDACION 2017	126.852,48

O gasto real computable da liquidación de 2017, inclúe as obrigacións recoñecidas netas realizadas en aplicacións orzamentarias incorporadas como remanente de 2016 a 2017 e financiadas mediante remanente de tesourería, en aplicación do superávit do exercicio 2016 para o financiamento de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes aos capítulos 2,4 e 6 por importe de 398.431,13 € que, en aplicación do disposto na disposición adicional 6ª.4 da L.O.2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 ademais debemos ter en conta as anteriores reflexións sobre a natureza do remanente de tesourería Logo se descontamos estes gastos (que como se expuxo, non son estruturais) , obtemos os seguintes resultados :

GASTO MÁXIMO ADMISIBLE LIQUIDACION 2017	13.228.500,41
GASTO COMPUTABLE REAL LIQUIDACION 2017	13.355.352,89
(-) GASTO FINANCIADO CON RT EN LA LIQUIDACION 2017	-398.431,13
(=) GASTO COMPUTABLE REAL LIQUIDACION 2017 NO FINANCIADO CON RT	12.956.921,76

Polo tanto, só con descontar os gastos financiados con remanente de tesourería (e por tanto non estruturais), o Concello cumpriría coa regra de gasto sen ningún problema, pois o seu gasto computable sería 12.956.921,76 € e o seu gasto máximo admisible 13.228.500,41 €

Partindo desta base, se temos en conta que o novo teito de gasto computable para 2018, no marco do PEF, calcularase aplicando un 2,4% ao gasto computable real de 2017 (13.355.352,89 €), temos un novo teito de 13.675.881,35 € que deberá respectarse a hora de efectuar aplicacións do remanente de tesourería no exercicio 2018, agás as relativas a aplicación do superávit (disp ad.6ª L.O. 2/2012) segundo indico no cadro seguinte:

GASTO COMPUTABLE REAL LIQUIDACION 2017	13.355.352,89
TASA DE VARIACION PARA 2018 (2,4)	320.528,46
GASTO MÁXIMO ADMISIBLE LIQUIDACION 2018	13.675.881,35
GASTO COMPUTABLE REAL LIQUIDACION 2017	13.355.352,89





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

(-) GASTO FINANCIADO CON RT EN LIQUIDACION 2017	-398.431,13
(+) GASTO FINANCIADO CON RT (MAXIMO POSIBLE EN LIQUIDACION 2018)	718.959,59
GASTO COMPUTABLE PREVISIBLE EN 2018 UTILIZANDO EL RT	13.675.881,35

Na cifra anterior de 718.959,59 € respecto da utilización de remanente de tesourería hai que matizar que a mesma sería “neta” unha vez aplicados os pertinentes axustes para o calculo do gasto computable aos efectos da avaliación do cumprimento da regra de gasto en aplicación do SEC-10 e da correspondente guía da IGAE.

A modo de conclusión, da exposición anterior podemos afirmar que o gasto analizado nestes apartados causante do incumprimento da regra de gasto non ten carácter estrutural, é dicir, constitúe un gasto extraordinario e exclusivo do exercicio, non deriva do normal mantemento do gasto asociado ao funcionamento ordinario dos seus servizos públicos. Por tanto, considerando, por outra parte, a evolución de variables e magnitudes económicas como o remanente de tesourería para gastos xerais, o aforro neto e a carga financeira do Concello non se precisarán axustes orzamentarios, pois os ingresos ordinarios do orzamento de cada exercicio son suficientes para atender ás obrigacións imputables a eles, polo que a duración do PEF será dun ano, 2018, sendo na liquidación deste exercicio onde se consiga previsiblemente o cumprimento da regra de gasto.

## PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2018-2019

### A. Obxectivos.

As liquidacións dos últimos anos do orzamento deste Concello puxeron de manifesto unha situación de estabilidade e equilibrio ca única “desviación” producida no exercicio 2017, máis teórica que real a resultas da evolución da situación económica financeira amosada neste PEF, motivado polo incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2017 en 126.852,48 € debido a utilización de remanente de tesourería para financiar obrigas no exercicio, se ben dita operación realizouse como aplicación do superávit do exercicio 2016 en aplicación do disposto na disp. Adicional 6ª e no art.32 da L.O. 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por iso, os obxectivos do Plan económico-financiero buscan o cumprimento dos obxectivos de cumprimento da regra de gasto xunto ca continuación na senda de cumprimento cos de estabilidade orzamentaria e de limite de débeda en 2018, dando cumprimento ao establecido na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira.

### B.-Proxección de ingresos e gastos SEN medidas

A través da proxección das cifras de previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte sen tomar ningún tipo de medida correctora, determinanse e cuantifican as causas que provocan o incumprimento de *regra o gasto* determinadas pola Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira e a Orde HAP/2105/2012.

#### B.1.-Ingresos SEN medidas.

CAPÍTULO	INGRESOS	LIQUIDACIÓN 2018	LIQUIDACIÓN 2019
1	Impostos directos	5.939.824,66	6.100.199,92
2	Impostos indirectos	175.530,35	180.269,67
3	Taxas e outros ingresos	2.849.684,93	2.926.626,42
4	Transferencias correntes	7.585.276,95	7.790.079,43
5	Ingresos patrimoniais	1.499,40	1.539,88
6	Alleamento de investimentos	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	872.809,59	896.375,45
8	Activos financeiros	41.707,75	42.833,86
9	Pasivos financeiros	505.000,00	328.167,55
TOTALS		17.971.333,63	18.266.092,18



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os ingresos do municipio proxéctanse tendo en conta as seguintes premisas:

- Mantemento dos tipos impositivos.

- En consonancia cos datos estimados no Plan orzamentario a medio prazo remitido ao Ministerio de Facenda e Función Pública e, polo tanto aplicando as taxas de variación establecidas no Acordo do Consello de Ministros de 7 de xullo de 2017.

### B.2.-Gastos SEN medidas.

CAPÍTULO	GASTOS	LIQUIDACIÓN 2018	LIQUIDACIÓN 2019
1	Gastos de persoal	6.078.514,69	6.242.634,59
2	Compra de bens e servizos	7.342.329,94	7.540.572,85
3	Gastos financeiros	42.226,06	43.366,16
4	Transferencias correntes	897.214,67	921.439,47
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00
6	Investimentos reais	1.663.153,24	1.708.058,38
7	Transferencias de capital	9.756,43	10.019,85
8	Activos financeiros	41.025,93	42.133,63
9	Pasivos financeiros	532.413,76	305.000,00
TOTALS		16.606.634,72	16.813.224,93

Os gastos do municipio proxéctanse tendo en conta as seguintes premisas:

*-Mantemento dos gastos de persoal.*

*-Contención dos gastos de compra de bens e servizos.*

*-En consonancia cos datos estimados no Plan orzamentario a medio prazo remitido ao Ministerio de Facenda e Función Pública e, polo tanto aplicando as taxas de variación establecidas no Acordo do Consello de Ministros de 7 de xullo de 2017.*

### C.-Medidas.

#### C.1 De ingresos

No que respecta ao orzamento de ingresos do Concello, non procede a adopción de medidas adicionais as indicadas no apartado C.2 anterior.

#### C.2 De gastos

No que respecta ao orzamento de gastos do Concello, non procede a adopción de medidas adicionais as indicadas no apartado C.2 anterior.

### D.-Proxección de resultados

A través da proxección das cifras de previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte incluíndo os efectos económicos das medidas correctoras expostas, verificase o cumprimento dos obxectivos fixados pola Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e a Orde HAP/2105/2012.

#### D.1 Ingresos CON medidas

Neste punto nos remitimos ao contido do apartado B.1 anterior.

## D.2 Gastos CON medidas

Neste punto nos remitimos ao contido do apartado B.2 anterior.

## E.-Proxección de variables financeiras

Para completar as proxeccións do Plan económico-financieiro deste Concello analízase a evolución proxectada das principais variables financeiras nos anos de vixencia do mesmo, 2018 e 2019.

### E.1.-Remanente de Tesouraría

REMANENTE DE TESORERIA ABREVIADO	EXERCICIO 2018	EXERCICIO 2019
A) DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	2.000.000,00	1.900.000,00
B) ACREDORES PENDENTES DE PAGO	1.500.000,00	1.400.000,00
C) FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA	3.500.000,00	3.600.000,00
D) PARIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	700.000,00	600.000,00
D) REMANENTE DE TESORERIA	4.700.000,00	4.700.000,00
Saldo de dubidoso cobro	1.100.000,00	1.000.000,00
Exceso de financiamento afectado	350.000,00	330.000,00
E) REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	3.250.000,00	3.370.000,00
<b>% SOBRE INGRESOS CORRENTES</b>	<b>19,64%</b>	<b>19,83%</b>

A proxección realizouse considerando unha evolución coherente cas cifras amosadas nos últimos exercicios non considerando a realización de operacións especiais e/ou extraordinarias.

### E.2.-Aforro Neto

AFORRO NETO	EXERCICIO 2018	EXERCICIO 2019
ING I a V	16.551.816,29	16.998.715,32
GTOS I, II, IV	14.318.059,30	14.704.646,91
Obrigacións financ. remanente liq. de tesouraría	300.000,00	300.000,00
ANUALIDADE TEÓRICA	260.000,00	240.000,00
	<b>2.273.756,99</b>	<b>2.354.068,41</b>

O Concello, de acordo cas previsións anteriores presenta aforro neto positivo durante 2018 que representa un 13,74 % dos ingresos correntes e no exercicio 2019 tamén se prevé unha cifra positiva desta magnitude que significa o 13,85 % dos ingresos correntes de dito exercicio.

### E.3.-Carga Financeira

CARGA FINANCEIRA	EXERCICIO 2018	EXERCICIO 2019
Carga financeira ( capítulo III + IX )	574.639,82	348.366,16
ING I a V	16.551.816,29	16.998.715,32
	<b>3,47%</b>	<b>2,05%</b>

A carga financeira do Concello situarase en 574.639,82 € durante 2018, un 3,47 % dos ingresos correntes, e dicir, moi por baixo do límite legal do 25% dos ingresos correntes establecido nos arts 177.5 e 193 do RDL 2/2004 e no exercicio 2019 dita carga redúcese ata 348.366,16 € o que supón o 2,05 % dos ingresos correntes de dito exercicio.

#### E.4.-Endebadamento

- Débeda financeira

Entidade		Exercicio 2018				
Código	Denominación	Drn correntes	Axustes DF 31ª LPGE 2013	Drn axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
		16.551.816,29 €	0,00 €	16.551.816,29 €	2.198.961,13 €	13,29%
TOTAL		16.551.816,29 €	0,00 €	16.551.816,29 €	2.198.961,13 €	13,29%

Entidade		Exercicio 2019				
Código	Denominación	Drn correntes	Axustes DF 31ª LPGE 2013	Drn axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
		16.998.715,32 €	0,00 €	16.998.715,32 €	1.965.317,02 €	11,56%
TOTAL		16.998.715,32 €	0,00 €	16.998.715,32 €	1.965.317,02 €	11,56%

- Débeda comercial:

Entidade		Exercicio 2018				
Código	Denominación	Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
		1.100.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.101.000,00 €	10,00
TOTAL		1.100.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.101.000,00 €	10,00

Entidade		Exercicio 2019				
Código	Denominación	Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
		1.000.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.001.000,00 €	9,00
TOTAL		1.000.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.001.000,00 €	9,00

De acordo cas previsións, o Concello situará o seu endebedamento no ano 2018 en 2.198.961,13 €, que supón un 13,29 % dos seus ingresos correntes, o que fai que a Entidade se sitúe no rango de volume de débeda menor do 75% dos seus ingresos correntes e no exercicio 2019 o endebedamento estimado será de 1.965.317,02 € o que suporá o 11,56 % dos seus ingresos correntes e, polo tanto, o Concello de Cambre continuará no rango de volume de débeda menor do 75 % dos seus ingresos correntes.

#### E.5.-Estabilidade Orzamentaria

EXERCICIO 2018				
Ingresos no financeiros	Gastos no financeiros	Ajustes propia entidade	Ajustes por operacións internas	Capacidade/necesidade financiación
17.424.625,88 €	16.033.195,03 €	-30.861,03 €	0,00 €	1.360.569,82 €
17.424.625,88 €	16.033.195,03 €	-30.861,03 €	0,00 €	1.360.569,82 €

EXERCICIO 2019				
Ingresos no financeiros	Gastos no financeiros	Ajustes propia entidade	Ajustes por operacións internas	Capacidade/necesidade financiación
17.895.090,77 €	16.466.091,30 €	-30.000,00 €	0,00 €	1.398.999,47 €
17.895.090,77 €	16.466.091,30 €	-30.000,00 €	0,00 €	1.398.999,47 €

En 2018, o Concello presentará estabilidade orzamentaria por importe de 1.360.569,82 €, e no exercicio 2019 a estabilidade estimada alcanza a cifra de 1.398.999,47 €.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## E.6.-Regra de Gasto.

Entidade		Exercicio 2018					
Código	Denominación	Gasto computable liquidación n	Taxa referencia n+1	Aumentos e diminucións (art.12.4)	Límite regula gasto n+1	Gasto computable liquidación n+1	Cumprimento/incumprimento regula gasto
		13.355.352,89 €	13.675.881,36 €	0,00 €	13.675.881,36 €	12.764.547,42 €	911.333,94 €
TOTAL				0,00 €	13.675.881,36 €	12.764.547,42 €	911.333,94 €

Entidade		Exercicio 2019					
Código	Denominación	Gasto computable liquidación n	Taxa referencia n+1	Aumentos e diminucións (art.12.4)	Límite regula gasto n+1	Gasto computable liquidación n+1	Cumprimento/incumprimento regula gasto
		12.764.547,42 €	13.109.190,20 €	0,00 €	13.109.190,20 €	12.922.725,14 €	186.465,06 €
TOTAL				0,00 €	13.109.190,20 €	12.922.725,14 €	186.465,06 €

En 2018, o Concello presentará un gasto computable de 12.764.547,42 €, o que supón un cumprimento da regra do gasto por importe 911.333,94 €.

Respecto do exercicio 2019 o gasto computable estimado será de 12.922.725,14 €, o que supón un cumprimento da regra do gasto por importe 186.465,06 €.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

## F.-Conclusións do Plan Económico-Financeiro

Analizadas as causas do incumprimento que levaron á necesidade de aprobar este Plan Económico-Financeiro, tal e como se detalla no presente Plan, a continuación da xestión dentro das cifras indicadas e respetando os límites propostos na utilización do remanente de tesourería en expedientes de modificacións de crédito prevé o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e de débeda pública nos exercicios 2018 e 2019.

O contido do Plan Económico Financeiro de 2018 e 2019 e deste Anexo que se acompaña, preséntanse para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

## G.-Proposta de aprobación do PEF.

Dado que segundo determina o art.23 da LOEPSF o Pleno Municipal e o órgano competente para a aprobación do PEF proponse, previa tramitación oportuna segundo a normativa de aplicación, a adopción polo mesmo do acordo seguinte:

«Visto o Plan Económico-financeiro suscrito polo interventor municipal de data 14 de xuño de 2018, cuxa necesidade se orixina pola aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2017.

Resultando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en relación co artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e de conformidade co disposto no citado artigo, o Pleno a proposta da Comisión de Facenda, adopta por \_\_\_\_\_ o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Quedar decatado do resultado da avaliación do obxectivo da regra de gasto efectuado pola Intervención Municipal mediante Informe de data 14 de xuño de 2018.

**SEGUNDO.** Aprobar o Plan Económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

**TERCEIRO.** Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o PEF a través da aplicación PEFEL de acordo co establecido no art.9.2 da Orde HAP 2105/2012 e dar conta do mesmo a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para a súa publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan Económico-financeiro.

**CUARTO.** A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado por Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.

**QUINTO.-** A efectos exclusivamente informativos, unha copia do plan económico-financeiro deberá acharse a disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno da corporación local e, no seu caso, polos órganos competentes da administración pública que exerza a tutela financeira das entidades locais, ata a finalización da vixencia daquel plan (art.26 do RD 1643/2007).

**SEXTO.-** Notificar o presente acordo a Intervención Municipal, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.3. Aprobación, se procede, de varios proxectos incluídos na modificación do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:05:52

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“No expediente modificativo do expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito número 1/2018, inclúense varios investimentos financeiramente sostibles, entre outros, os que se relacionan de seguido:

Aplicación	Código proxecto	Nome proxecto	Importe
133/60900	2018/4/133/1	Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo Lema, Cambre	30.999,98
1532/60900	2018/4/153/6	Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala, Cambre.	39.324,82
1532/60900	2018/4/153/5	Reordenación ámbito urbano (estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II	66.541,42

Segundo o proxecto denominado “Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo Lema, Cambre” redactado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, con esta actuación propónse por unha parte, na contorna de Vila Concepción, a demolición do bordo existente e a substitución deste por outro rebasable co fin de

poder dar acceso ás prazas de aparcadoiro. Ademais, rozarase e acondicionarase o terreo, procederáse á preparación da súa base e recheo e compactación con zahorra artificial nunha superficie total aproximada duns 510 m<sup>2</sup>. Tamén se instalará uns tubos de drenaxe o cal se conectará a un sumidoiro existente. Por outra parte, na contorna do campo de fútbol de Brexo Lema, propónse a roza e limpeza da finca completa, apertura de camiño e acondicionamento deste e da explanada habilitada para aparcadoiros. Procederáse á canalización de augas pluviais e á extensión de zahorra artificial na superficie de actuación.

Co proxecto “Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 de A Barcala, Cambre” redactado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, propónse a creación dunha superficie regular e uniforme en toda a praza, con todo o pavimento ao mesmo nivel, ademais de solucionar os problemas de evacuación de augas mediante a instalación dun sistema de drenaxe complementario ao existente na actualidade.

Finalmente, o proxecto denominado “Reordenación ámbito urbano (estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II” redactado por don David Sarmiento Nogueira, arquitecto Colexiado nº 2833 COAG, contempla liberar a área definida polo ámbito de construcións para dotar ao centro da poboación de Cambre dun novo espazo público de espaxamento/praza que conecte tanto espacialmente como visualmente co Campo da Feira e Feira Pequena, desconxestionando esta zona urbana na cal perviven diferentes escalas e tipolóxicas construtivas. Deste xeito faise crecer a superficie de espaxamento e recreo existentes interconectándoos coas actuacións urbanísticas de vivenda colectiva de maior escala e as propias zonas verdes xa existentes.

Así, tal e como se pode comprobar na documentación gráfica do proxecto, propónse unha senda a modo de beirarrúa de aproximadamente 10 metros de ancho que une o ámbito de actuación de norte a sur e que delimita as áreas destinadas a pequenas prazas que se intercalan adaptándose aos pequenos desniveis existentes entre esta senda e as construcións existentes.

Tendo en conta que de conformidade co disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde en todo caso, a aprobación polo pleno municipal dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Por todo isto, propónse ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado “Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo Lema, Cambre” cun orzamento total de 30.999,98€ redactado por dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal.

**Segundo:** Aprobar o proxecto denominado “Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala, Cambre”, cun orzamento total de 39.324,82€, redactado por dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal.

**Terceiro:** Aprobar o proxecto denominado “Reordenación ámbito urbano(estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II”, cun orzamento total de 66.541,42€, redactado por don David Sarmiento Nogueira, arquitecto Colexiado nº 2833 C.O.A.G.

**Segundo:** Notificar aos interesados.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 2.4. Aprobación, se procede, do proxecto de “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumirere, Polígono Industrial do Espírito Santo, Cambre” – Subvención parques empresariais 2018

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:07:12

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Por esta concellería propónse ao Pleno a aprobación do proxecto denominado “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. Espírito Santo, Cambre”, cun orzamento total de 121.328,41€, para cuxa execución foi outorgada unha achega dun total de 97.062,73€ (80%) pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

Segundo o disposto na notificación remitida pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas e recibida neste Concello con data 15 de xuño de 2018, rexistrada ao número 0/4139, o prazo para licitar e executar o proxecto ademais de xustificar a subvención outorgada, finaliza o 31 de outubro de 2018, sendo o prazo de execución previsto no proxecto de 3 meses desde o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Con esta actuación proxéctase a redución do largo das beirarrúas (cumprindo en todo momento a normativa de accesibilidade), dotando o polígono nestas rúas dunhas novas prazas de aparcadoiro e a execución dunha rehabilitación superficial da última capa de aglomerado asfáltico na estrada, cunha capa de AC 16 SURF 50/70 D (D12) de 8 cm de espesura en unha lonxitude de 250 ml, e a renovación dos servizos existentes.

Tendo isto en conta, e que a teor do disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelle ao Pleno a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación o concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Con base no anterior, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar o proxecto denominado “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. Espírito Santo, Cambre”, cun orzamento total de 121.328,41€, para cuxa execución foi outorgada unha achega dun total de 97.062,73€ (80%) pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



## **2.5. Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía núm. 1163/2018, do 14 de xuño, de adhesión do Concello de Cambre ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:08:29

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 14 de xuño de 2018, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1163, que consta do seguinte teor literal:

“Advertido un erro na resolución da alcaldía nº 1162/2018 de 13 xuño respecto da adhesión do Concello de Cambre ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia, dado que os compromisos que aparecen nos puntos 4 e 5 foron modificados na addenda de 13 de decembro, procédese a modificar a dita resolución que queda redactada do teor literal seguinte:

Con data 28 de xaneiro de 2016 publícase no Diario Oficial de Galicia a orde de 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina Doing Business en Galicia e se dá publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

Con data 10 de outubro de 2017 formalizouse o Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, e a addenda de data 13 de decembro que teñen por obxecto establecer un marco de actuación conxunta para a implantación e fixación de empresas no territorio da comunidade autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa “Concellos Doing Business” dentro do cal as entidades locais poderán solicita-la adhesión ao convenio.

En dito protocolo, tendo en conta a modificación posterior introducida na addenda, recóllense como compromisos os seguintes:

1- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6- Compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

7- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométese a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI, IAE ou ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

9- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.

No Diario Oficial de Galicia do día 23 de maio de 2018 publicouse a orde de 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Segundo o seu artigo 23 "criterios de valoración dos proxectos" establece no seu punto h) unha puntuación de 20 puntos a aqueles concellos que estean adheridos ao convenio Doing Business Galicia.

Visto o informe da intervención municipal de data 8 de xuño de 2018.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Solicitar a adhesión ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Segundo: Dar conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar aos efectos da súa ratificación, isto tendo en conta que os compromisos que se adquiren polo Concello de Cambre coa adhesión ao protocolo de referencia, requiren para a súa efectividade da adopción de acordos polo Pleno da corporación

Terceiro: Notificar a presente resolución á Xunta de Galicia e FEGAMP."

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1163/2018, do 14 de xuño, e, polo tanto, solicitar a adhesión ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "*Concellos Doing Business Galicia*", coa asunción dos compromisos que constan neste.

**Segundo:** Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e á FEGAMP.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.6. Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:26:04

Vista a proposta de Alcaldía do día 20 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o correo electrónico recibido na Alcaldía o día 15 de xuño de 2018, procedente da Dirección de Augas de Galicia, ao que se achega o texto do *Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre*, con requirimento de remisión de certificado no que se acredite que se ten aprobado polo órgano competente do concello.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais o día 19 de xuño de 2018.

Tendo en conta que as actuacións comprendidas dentro deste convenio, e que afectan ao ámbito do río Mero, considéranse, entre outras, absolutamente primordiais por parte do Goberno municipal, tal e como se vén reiterando dende o comezo da presente lexislatura, propono ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Aprobar o *Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre*, que consta do seguinte teor literal:

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ENTORNO DO RÍO MERO AO SEU PASO POLO CONCELLO DE CAMBRE

Lugar, data

### REUNIDOS

Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 dos Estatutos da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E doutra parte, don Óscar García Patiño, alcalde do Concello de Cambre, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, do 18 de novembro de 2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: prever o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

**Segundo.** O Concello de Cambre exerce, entre outras, competencias de medio ambiente, reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Concello de Cambre cumpriu co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

**Terceiro.** As características ambientais e paisaxísticas do río Mero, o seu patrimonio hidráulico (presas de pedra, pontes, muiños), o seu enorme interese ecolóxico pola biodiversidade que proporciona ao entorno, fan que as partes consideren necesario colaborar para manter o entorno fluvial nun adecuado nivel de conservación.

**Cuarto.** Con fundamento no principio de cooperación recollido no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, as partes consideran conveniente artellar a colaboración na execución dos traballos relacionados co mantemento e conservación do entorno fluvial do río Mero e, recoñecendo mutua capacidade para obrigar e convir, establecen un programa de actuacións conxunto e o subscriben con suxeición ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cambre, respecto aos traballos de acondicionamento, mantemento e conservación nas zonas de afección e no entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre.

## Segunda. Actuacións a realizar

Os traballos que se poderán realizar na superficie son:

UD	Descrición	medición
ml	Roza con medios mecanicos mediante tractor con rozadora de brazo no espazo de 2,5 m a cada lado da mota, mesmo repasos a man onde por vexetación non se poida acceder por medios mecanicos, mesmo trituración material.	33.400,00
m2	Talla e retirada de exemplares en mal estado, e desbroce de vexetación de zonas de ribeira	4.000,00
ml	Reperfilado de cunetas en terra, por un márgen, con perfilado de noiros, escavación de terra vexetal en paseos, con p.p. de limpeza de tajeas.	1.000,00
ml	Apertura de novas cunetas en terra, por un márgen, con perfilado de noiros, roce beiravía vexetal e/ou formación do mesmo con transporte do produto a lugar de emprego no mesmo lugar e p.p. de limpeza de tajeas.	1.000,00
m2	Reparación da mota en zonas húmidas, realizando as operacións de escavación en caixa para estendido de pedra en rama, tamaño medio 25 cms, rasanteo e escarificado do firme, terraplenado de sobreanchos con achega de material clasificado como adoito seleccionado (0,08 m3/m2), perfilado de cunetas e zorra do tipo ZA 25 (0,10 m3/m2) encapa superior e enraxe e selado en coración con area 0/3 mm, compactación, totalmente terminado.	1.000,00
m2	Reparación do firme ordinario en camiños de terras, realizando as operacións de rasanteo con extracción e retirada do material plástico, nivelación con achega de zorra do tipo ZA 25 (0,10 m3/m2) refino e selado en coración con area 0/3mm, escarificado do firme, terraplenado de sobreanchos con achega de material clasificado como adoito seleccionado (0,05 m3/m2) compactación, totalmente terminado.	1.000,00
m2	Preparación da chaira previa á execución de chan-cemento. Acondicionamento de chaira con medios mecánicos, rasanteo e refino da superficie de coración de chaira, estendido, humectación e compactación, i/achega de material necesario.	306,00
m2	Pavimento formado por Chan-cemento de espesor e=15 cm, fabricado en central, cunha dosificación de 3.6% en peso de cemento, incluído o transporte, estendido, encofrado e desencofrado e compactación cun índice de plasticidade do material empregado na fabricación <6, mesmo cemento CEMII/A-V 32,5R .	306,00
ud	Subministración e colocación de valo rústico de rollizos de madeira de piñeiro torneado e tratada con autoclave (grao de protección IV), de 1,2 m de altura libre sobre o terreo, realizada con rollizos verticais principais de 14 cm de diámetro cada 2 metros, rollizos horizontais de 10 cm, e balaustres redondos verticais de 6 cm de diámetro, separados 9 cm entre eles, unidos con pezas especiais de aceiro galvanizado, mesmo dados de formigón de 40x40x40cm cada 2 metros, en cumprimento con CTE.	30,00

## Terceira. Obrigas das partes

- I. Augas de Galicia obrígase a:
  - a) Prestar o asesoramento técnico que, no seu caso, o concello solicite.
  - b) Autorizar no seu caso, dentro das competencias de Augas de Galicia, as actuacións no Dominio Público Hidráulico (DPH) e as súas zonas de afección

- c) Cofinanciar as actuacións descritas na cláusula anterior co importe máximo ao que fai referencia a cláusula cuarta

II. O Concello de Cambre obrígase a:

- a) Realizar as actuacións sinaladas na cláusula segunda deste convenio no tramo do río Mero, fóra do DPH, comprendido entre a Presa de Cecebre (extremo augas arriba) e a súa desembocadura na ría do Burgo no límite co Dominio Público Marítimo Terrestre (extremo augas abaixo). Dito tramo ten unha lonxitude aproximada de 10.150 metros e unha superficie aproximada de 437.300 m<sup>2</sup>.
- O Concello de Cambre presentará un informe de programación de traballos a realizar, podendo incluír os realizados dende o 1 de xaneiro de 2018. En dito informe indícarase a descrición dos traballos, a localización exacta dos mesmos (coordenadas UTM (ETRS89), a lonxitude do tramo no que se efectuaron ou efectuarán estas tarefas e unha descrición dos medios precisos para desenvolver ditos traballos. Así mesmo, acompañarase de fotos que amosen o estado inicial da zona. Unha vez rematados os traballos enviarase un informe final onde se recolleran tódolos aspectos anteriormente citados e fotos que amosen o estado final do tramo despois das actuacións realizadas. O Concello informará a Augas de Galicia do inicio e remate de cada unha das actuacións.
- b) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto, en todo caso antes do 1 de decembro do ano en curso, da documentación que se detallen na cláusula quinta deste convenio.
- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- e) Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- f) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

#### Cuarta. Réxime de Financiamento

Augas de Galicia contribuirá cunha achega máxima ao Concello de 40.000,00 € que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvención de capital á corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2018.

#### Quinta. Libramento dos fondos e réxime de xustificación

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello de Cambre, logo da presentación en Augas de Galicia, en todo caso antes do 1 de decembro de 2018, de:

- Certificado da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.
- Xustificación do cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A tales efectos o concello achegará as correspondentes facturas, nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos, acompañada da oportuna certificación sobre as actuacións realizadas, podendo non obstante efectuarse, a medida que se vaian realizando as actividades, un abono parcial da cantidade comprometida mediante a presentación das oportunas certificacións parciais.
- Informe final nos termos establecidos na cláusula terceira.

- Acreditación do cumprimento do deber da entidade local de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme ao estipulado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As anteriores transferencias de fondos, que poderán ser varias nunha mesma anualidade, en función das xustificacións presentadas polo Concello do Cambre serán ingresadas na conta bancaria da que é titular o Concello e que facilitará para o efecto.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

#### **Sexta. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sendo de aplicación aos traballos e gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

#### **Sétima. Comisión de seguimento**

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio integrada por dous representantes de cada parte. A comisión asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido deste convenio.
- Promover a solución de discrepancias que puideran xurdir.

A comisión poderá ser asistida polos técnicos que se estime conveniente e ser convocada a solicitude de calquera das partes

#### **Oitava. Extinción do convenio**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

#### **Novena. Natureza e xurisdición**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

#### **Décima. Publicidade**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia	O alcalde do Concello de Cambre
Beatriz Mato Otero	Óscar García Patiño

**Segundo:** Remitir a Augas de Galicia a certificación do acordo adoptado, así como acreditación de que o Concello de Cambre cumpriu co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

**Terceiro:** Notificar este acordo á Intervención municipal e ao xefe da Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 21 de xuño de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.7. Creación da Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:27:58

Vista a proposta de Alcaldía do día 22 de xuño de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“O artigo 84 do Regulamento orgánico municipal establece que se denominan comisións informativas especiais as que o Pleno acorde constituír con carácter temporal para o estudo, informe ou consulta dalgún aspecto concreto, específico, considerando as súas características especiais de calquera tipo.

Estas comisións extínguense automaticamente unha vez ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, agás que o acordo plenario que as creou dispoña outra cousa.

En canto ao seu funcionamento resulta de aplicación o disposto nos artigos 136, 137, 138 e 139 do ROM para as comisións informativas permanentes (artigo 140 do ROM).



No *Boletín Oficial da Provincia* núm. 110, do 12 de xuño actual, publicouse o anuncio de aprobación definitiva da modificación do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre.

Tendo en conta que na Alcaldía municipal constan peticións ás que resulta de aplicación o disposto neste regulamento, considérase necesario a creación dunha comisión informativa especial que ditamine os expedientes tramitados ao abeiro da citada normativa, isto tendo en conta o disposto no artigo 18 do Regulamento especial de honores e distincións.

Así pois, propono ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** De conformidade co establecido no artigo 84 do Regulamento orgánico municipal, crear a **Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións**, que terá por obxecto ditaminar as propostas de concesión de calquera dos honores a que se refire o Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre, nos termos establecidos no artigo 18 do citado regulamento.

**Segundo:** Estará integrada coa mesma adscrición por cada grupo municipal que as vixentes Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, e tendo en conta os escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, a Comisión estará constituída polos concelleiros que a continuación se relacionan:

#### PP

Titular	Suplente
Manuel M <sup>a</sup> Mora Pita da Veiga	Manuel Rivas Caridad
M <sup>a</sup> Jesús González Roel	Juan M <sup>a</sup> Abalo Castex

#### UxC

Titular	Suplente
Óscar A. García Patiño	Juan González Leirós
Ramón Boga Moscoso	M <sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández

#### PSdeG-PSOE

Titular	Suplente
Josefa Vázquez Soto	Juan E. Rodríguez Vázquez
Leonor Fernández Grande	M <sup>a</sup> Jesús Gómez González

#### ACdeC-SON

Titular	Suplente
M <sup>a</sup> Olga Santos López	Antonio Bruquetas Santos

#### BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

#### Grupo Mixto (C's)

Titular
M <sup>a</sup> José García Hidalgo

#### Concelleiro non adscrito

Titular
Jesús Bao Bouzas

**Terceiro:** A Comisión reunirse cando sexa convocada para emitir o correspondente ditame ás propostas que formulen os instrutores dos expedientes para a concesión de honores e distincións no Concello de Cambre, isto a teor do establecido no artigo 18 do regulamento, así como para ditaminar o nome de vías públicas e lugares que non constitúan unha forma de homenaxe, tal e como se establece no artigo 16 do mesmo texto.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:28:55

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:29:01

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da declaración institucional remitida pola Federación Española de Municipios e Provincias, con motivo do Día internacional do orgullo LGTBI. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

### **Única: Declaración institucional con motivo do Día internacional do orgullo LGTBI**

Dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral, dá lectura á declaración institucional co seguinte teor literal:

«“Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. Estas palabras corresponden á redacción do artigo primeiro da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e é o incuestionable fundamento que rexe o traballo das Corporacións Locais españolas, entidades lexítimas e garantes da defensa e proxección dos dereitos e deberes de todas as persoas que viven nos nosos territorios.

Cando se cumpren 70 anos da aprobación do documento declarativo aprobado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, 65 anos desde a aprobación do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e 39,

desde a súa ratificación por España, a FEMP adhiérese, un ano máis, á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI como parte do seu compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades como principio fundamental e unha tarefa prioritaria para as Administracións locais.

O 28 de xuño, en lembranza dos disturbios de Stonewall (Nova Iorque), celebramos o recoñecemento formal dos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais fundamentado en valores universais e democráticos como a igualdade e o respecto, a diversidade e a liberdade e, ao mesmo tempo, lamentamos que este paso non teña sido producido a nivel mundial, nin de xeito pleno. Lamentamos tamén que en moitos casos o recoñecemento dos seus dereitos non pase de ser un recoñecemento formal que, por desgraza, en ocasións non é garantía abondo para estas persoas de que os seus dereitos sexan efectivamente respectados.

Recoñecemos as moitas medidas que desde diferentes ámbitos se veñen levando a cabo para apoiar ás vítimas e para modificar actitudes e solidarizámonos con todas as persoas que teñen sufrido mostras de intolerancia, discriminación e violencia.

As Corporacións locais españolas seguimos comprometidas co desenvolvemento e implementación de políticas e servizos públicos velando por unha garantía de igualdade efectiva con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, como elemento esencial para a convivencia, o progreso e o desenvolvemento local e económico sostible.

Somos, as Entidades locais, a porta de entrada e o primeiro termómetro das necesidades da cidadanía e salvagarda da convivencia cidadá e non discriminación de todas as persoas, con independencia da súa raza, sexo, idade, procedencia e condición sexual, representamos un dos tres pilares fundamentais sobre os que descansa a estrutura do noso Estado e contribuímos de xeito inequívoco ao estado de benestar.

Concellos, Deputacións, Cabildos e Consells Insulares reclamamos o noso papel como axentes esenciais no deseño e o desenvolvemento de políticas transversais e estratéxicas que garantan a igualdade de trato, en dignidade e dereitos.

Por todo isto, os Gobernos Locais reunidos na FEMP:

- Convidamos a todas as entidades locais a adherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade de todas as persoas á marxe da súa identidade sexual e/ou xénero e da súa orientación sexual.
- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, coa diversidade sexual, así como a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, recoñecendo os avances neste marco, ao tempo que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación das barreiras que aínda perviven hoxe en día.
- Reclamamos o recoñecemento ao alto grao de compromiso asumido na organización e prestación de servizos esenciais e aos cambios e innovacións, novos enfoques e metodoloxías que continuamos incorporando para asegurar a excelencia, dispoñibilidade e calidade que a cidadanía demanda e require.
- Constatamos a necesidade de investir en políticas a favor da diversidade sexual e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación, que fagan das nosas cidades e pobos espazos seguros para a diversidade sexual en todas as súas manifestacións.
- Condenamos calquera tipo de agresión, incluíndo tanto a violencia física como a verbal, a humillación e o menosprezo cara persoas LGTBI no noso país e comprometémonos a continuar traballando na información e formación da Policía Local.
- Afirmamos que non son posibles políticas de igualdade sen os Concellos. Por este motivo, reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación axeitada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os nosos pobos e cidades.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

### 3.2. Mocións dos grupos municipais

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:34:36

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG, GM (C's) e polo concelleiro non adscrito, de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira Cobre San Rafael S.L. núm. 2946. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción dos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG, GM (C's) e do concelleiro non adscrito, de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira Cobre San Rafael S.L. núm. 2946.**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:35:00

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción, que consta do seguinte teor literal:

#### **“Sobre o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino.**

O pasado 25 de agosto de 2017, saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacemento lindeiros con estes, dentro dunha concesión máis ampla, que abarca o concello de norte a sur nunha extensión de 1827 Ha., inicialmente, xa que segundo proxecta a empresa socia que aporta o capital, **Atalaya Mining**, a súa

intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñan iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión: <http://atalayamining.com/proyecto-touro/>

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, das cales só o 30% son terreos xa estiveron e están afectados pola explotación anterior, que foi abandonada sen restauración posterior e que dende o ano 1986 do seu remate segue traendo desastrosas consecuencias nas augas que verten ós regatos da contorna afluentes do río Ulla e por tanto afectación á Rede Natura 2000 da cunca deste río, a segunda cunca hidrográfica de Galicia.

Esta actividade, por tanto, preténdese desenvolver nos solos que teñen soportado no pasado actividades potencialmente contaminantes, como así o manifesta o informe emitido polo propio Concello de Touro elaborado por **AMBIOTEC** sobre as afectacións do proxecto, en outubro de 2017, onde na súa páxina 5 indica como “**elementos susceptibles de afección os seguintes**”:

- Infraestructuras ligadas ao consumo de auga do municipio
- Agravamento do problema ambiental de Drenaxe Ácida de Mina
- Poboación e vivendas situadas nas proximidades
- Hábitats naturais e vexetación e fauna asociada
- Elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas: Río Ulla
- Elementos do patrimonio cultural
- Centro socioculturais”

Vai a afectar a case **500 Has. de terreos agrícolas e forestais** que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación, deixando así sen base territorial moitas explotacións gandeiras que se verán irremediabilmente abocadas ao peche e abandono das terras, e suporía a eliminación de 341 hectáreas de masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.

Sumar a esta situación, que durante o proceso planeado **para 15 anos de actividade**, propoñen un traballo de megaminería intensivo, con funcionamento de maquinaria pesada e **actividade as 24 horas do día durante os 365 días do ano, cunha media de 6 voaduras diarias realizadas con entre 9 e 16 toneladas de explosivos cada unha**, 4 delas moverán 50.000 metros cúbicos de rocha e 2 moverán 25.000 metros cúbicos, que xerarán movementos sísmicos no terreo e po en suspensión cargado de metais pesados, o que provocará irremediabilmente o abandono poboacional da zona por facer imposible a vida nestas terras.

Se se pretende analizar o **impacto a nivel demográfico dunha mina destas características** en ambos municipios, a análise idónea pasa por valorar a variación de poboación en dous períodos de tempo homoxéneos, “con mina” e “sen mina”. E para iso non temos máis que recorrer á historia recente: a concesión mineira que agora se pretende explotar data de 1958 e estivo activa dende 1972 a 1986.

Nos 20 anos que van de 1970 a 1991, nos que estivo a mina en funcionamento de 1972 a 1986, a perda de poboación é máis acusada (-29,8% para a comarca de Arzúa, -22,8% para o concello do Pino e -24,5% para o concello de Touro), que nos seguintes 20 anos, de 1991 a 2011, nos que xa non estaba a mina (-14,6% para a comarca de Arzúa, -10,2% para O Pino e un -18,8% para Touro).

**Polo tanto ambos concellos xa dispuxeron dunha mina de cobre a ceo aberto de características moi semellantes á que se pretende implantar e as cifras históricas de poboación nesas décadas amósannos a evolución contraria á pretendida: as caídas de poboación son máis suaves unha vez rematada a actividade mineira.**

**Esto non afectará solo ós concellos de Touro e O Pino**, quen pretenda vivir nun radio de entre 15 -30 km á redonda, sufrirá directa ou indirectamente as consecuencias da actividade mineira nesta zona, xa que o aire moverá o po en suspensión máis alá da zona exclusivamente mineira e as augas corren río abaixo, a natureza neste caso non é controlable nin predicible. **E despois de 15 anos de actividade a recuperación será imposible**, xa que como sucedeu coa anterior mina, quen marcha dunha zona mineira non volta para volver a sufrir as consecuencias da devastación producida.

Outros impactos sobre a zona que xerarán un grave impacto medioambiental, e a creación de 2 depósitos de residuos estériles e 4 vertedoiros que ocuparán en total case 300 Ha., (o que equivale a 300 veces o Estadio Santiago Bernabeu), a moi pouca distancia dos núcleos de poboación de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribás e A Goleta, un vertedoiro máis no Monte das Minas, que ocupará unha superficie de 484.000 metros cadrados, case 10 veces o centro comercial As Cancelas de Santiago de Compostela). O depósito de estériles situado entre Arenteiro e Vieiro será unha enorme balsa de lodos que contará cun muro perimetral de contención con capacidade para 50 millóns de metros cúbicos de residuos estériles de mina (equivale a unha sexta parte a capacidade do encoro de Portodemouros), cunha probabilidade de falla moi alta, como ocorrera en Aznalcollar en 1998.

Propónse no proxecto o **desvío do leito dos regos Pucheiros e Burgo**, e o **gasto arredor de 2.25 hectómetros cúbicos de auga ao ano**, o que suporía 6 veces máis do que os concellos de Touro e O Pino xuntos gastan no mesmo período, e isto dito nun ano no que aínda no mes de xaneiro estamos sufrindo restricións de auga en moitos puntos da nosa terra.

Dentro desta afectación estaría a planta de tratamento de auga potable situada a pé do río Ulla en Carcacia, no municipio de Padrón que á súa vez abastece a toda a contorna de concellos, máis de 93.000 habitantes dos concellos de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Rianxo, Ribeira, Boiro e A Pobra do Caramiñal

Este proxecto ten tamén unha afectación directa ao Camiño de Santiago ó seu paso polo concello de O Pino, a ton só 1000 metros do Monte das Minas, os peregrinos camiñarán e durmirán nas liteiras mirando ó monte das Minas, respirando e soportando o po en suspensión froito das voaduras diarias, así como as molestias acústicas da maquinaria pesada e das explosións, que a actividade realizada durante as 24 horas do día, todos os días da semana producirá, tendo por tanto un impacto visual, acústico, para a saúde, e tamén económico sobre os negocios da zona, ¿quén se anima a facer o Camiño por unha zona limitada por unha mina a ceo aberto destas consecuencias? Arca que se está consolidando como zona de turismo, ocio e residencial verá tamén como as consecuencias deste proxecto lle trae abandono e diminución de poboación.

**Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local.** O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias. No ano 2016, traballan na ría o 44% das mariscadoras/es a pé, mais do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia. Nas lonxas arousáns poxáronse 38.329.584 kg de produtos da pesca e do marisqueo que se traduciron en 91.301.357 euros. E nas augas de Arousa colleitáronse 174.497.538 kg de mexillón (máis 70% do mexillón producido en Galicia), cun valor de 77.999.843 euros. A frota pesqueira de Arousa está composta por 1.709 buques de pesca e 842 auxiliares de pesca e acuicultura, respectivamente o 38,6% e o 69,9% do total de Galicia. De feito o sector primario do mar en Arousa é un sector estratéxico na economía dos nosos pobos e vilas pola riqueza e emprego que induce ademais en diversas actividades en terra: - empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores) - empresas provedoras de servizos e subministracións (estaleiros, cordoarias, carpintería, montaxes e maquinaria) - actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc. A importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios. Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o **turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.** Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades arousáns. Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa. Sobre a importancia ambiental do Río Ulla e da ría de Arousa. A riqueza pesqueira e mariñeira que se resaltou no apartado anterior de exposición de motivos deste documento descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non so por publicacións

científicas, senón pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como son:

- **O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia** (declarado o 1 xullo de 2002, mediante a lei 15/2002). Este Parque inclúe 4 arquipélagos e o mar que os rodea, entre os que se atopa o de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, e a illa de Sálvora, na zona exterior da ría de Arousa. Este Parque Nacional, declarouse polas especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños e debe velar pola súa conservación.

- **A Zona de Especial Conservación Ulla-Deza**, (declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014) que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas.

Así mesmo a ría de Arousa, xa na parte exterior acolle o ZEC Ons-O Grove e o Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixan, que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida. A ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan, e os 4 espazos protexidos que esta ría acolle é un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posúe e que por lei debe ser amparada.

**A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.**

Por todo isto, os **distintos sectores do mar de Arousa** teñen solicitado a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino. As propias alegacións que publicou a **Sociedade Galega de Historia Natural e a Federación Ecoloxista Galega** ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón e solicitan o seu rexeitamento. Son xa varios os **concellos os que xa se manifestaron en contra deste proxecto polas repercusións e afectacións** que ten na persoas, na saúde, no medio ambiente, na economía local especialmente na agricultura a gandería e o turismo. Así o fixeron xa: **Vedra, Teo, Vilagarcía de Arousa, Rianxo, Vila de Cruces, Ames, Cambados, A Illa de Arousa, Lalín, Santiso, Santiago de Compostela, Pontecesures, Arzúa, Ribadumia e O Grove así hasta 23 concellos**. Tamén se manifestaron en contra do proxecto a **Deputación da Coruña e o Concello de A Coruña**.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumible, un **impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural** que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Por todo o anteriormente exposto, dende a Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Cambre a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Trasladar á Xunta de Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación do Concello de Cambre a este proxecto.

**Segundo:** Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro.

**Terceiro:** Demandar á Xunta de Galicia que obrigue ao titular da concesión a restaurar os chans e as augas subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:16:25

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON, para dar cumprimento ao acordo plenario en relación coa memoria de Marcelino Camacho, no centenario do seu nacemento. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para dar cumprimento ao acordo plenario en relación coa memoria de Marcelino Camacho, no centenario do seu nacemento**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:16:47

Rexistrada de entrada ao núm. 999/331 o día 22 de xuño de 2018.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Marcelino Camacho viviu en primeira liña os momentos máis decisivos da historia recente da clase obreira en España durante o século XX.

É, sen ningún xénero de dúbidas, un símbolo de traballo e de sindicalismo da historia recente do noso país. Durante o presente ano 2018 diferentes institucións, organizacións sociais, sindicais e políticas veñen celebrando o centenario do seu nacemento por ser, sen lugar a dúbidas, un alto e relevante expoñente da loita democrática, e no marco tamén dos 40 anos da Constitución Española de 1978.

O 30 de decembro de 2010, no pleno do Concello de Cambre aprobouse por unanimidade rotular unha rúa, praza ou parque co nome de Marcelino Camacho Abad, en homenaxe e recoñecemento por toda unha vida de loita polas liberdades, pola xustiza social e polos dereitos das traballadoras e dos traballadores.

A pesares do acordo para o recoñecemento a Marcelino Camacho, a día de hoxe non sabemos se por desidia, abandono ou carencia de sensibilidade neste tema, non se ten dado cumprimento á proposta aprobada.

Polo exposto, o grupo municipal de ACdC propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Apoiar as accións, iniciativas e actividades promovidas pola Comisión Estatal encargada da conmemoración do centenario do nacemento de Marcelino Camacho.

**Segundo:** Difundir a figura histórica de Marcelino Camacho e os valores que representou á sociedade en xeral, en especial á mocidade, para que coñezan os principios democráticos que defendeu durante toda a súa vida, realizando, polo menos, un acto de homenaxe e recoñecemento da súa traxectoria no noso concello.



**Terceiro:** Apoiar e promover proxectos culturais que sexan entendidos como válidos para divulgar a súa contribución histórica, como é o caso da película documental 'Lo Posible y lo Necesario', que narra a vida combativa e ilustrativa de Marcelino Camacho a través dun traballo narrativo que tamén é un retrato histórico do movemento obreiro e social no noso país.

**Cuarto:** Neste ano do aniversario do seu nacemento, dar cumprimento ao acordo plenario de decembro de 2010 para dar o nome de Marcelino Camacho Abad a unha rúa, praza ou parque."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

#### 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

##### 4.1. Informes do equipo de goberno

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:21:11

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1053/2018, do 30 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

**"Primeiro:** Tendo en conta a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución desta Alcaldía nº 447/2016, de 18 de marzo, en materia de contratación, que leva aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias, avocar a competencia de autorización e disposición de gastos mediante o sistema "vales de pedido" tramitado pola unidade xestora da Área de Desenvolvemento Socioeconómico correspondente ao número de expediente 2018/G006/000102, respecto dos contratos menores de servizos número 2018/C002/000051 e 2018/C002/000057, isto motivado en que os servizos deben comezar a prestarse mañá, 30 de maio de 2018 e a próxima Xunta de Goberno Local ordinaria non terá lugar ata o vindeiro martes 5 de xuño.

**Segundo:** Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes que constan nos expedientes de contratos menores mediante os sistema "vales de pedido" que a continuación se relacionan, nas aplicacións orzamentarias sinaladas, así como a súa adxudicación ás empresas e polos importes que igualmente se indican:

Área de Desenvolvemento Socioeconómico

Nº expediente SERV.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000051	Servizo de docencia dos módulos transversais FOCXXX24 formación para a igualdade para os cursos n <sup>o</sup> 102670, 102678 e 102776 e FCOO03 Inserción	M <sup>a</sup> Rocío Leis Lestón	1.020,00 € (exento de IVE)	8 días	2018 241 22606	1

	laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero para o curso nº 102670 (PLAN AFD -2017-18)					
2018/C002/00057	Servizo de docencia de dous módulos transversais para os cursos nº 102678 e 102776 da especialidade formativa FCOO03 Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (PLAN AFD-2017-18) de 10 horas de duración	Mª Teresa Deus Trasobares	600,00 € (exento de IVE)	7 días	2018 241 22606	1

**Terceiro:** De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento Orgánico Municipal respecto das formalidades para a modificación posterior das delegacións, se dea conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que teña, así como ao Pleno Municipal e se publique no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Notifíquese á unidade xestora, co fin de que o poña en coñecemento dos adxudicatarios para que procedan á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato, así como á Intervención Municipal, aos efectos oportunos.

**Quinto:** De conformidade coa Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, notifíquese á Secretaria Xeral, a quen corresponde a coordinación das obrigas de publicidade e información que se establecen na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1172/2018, do 18 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 16 ao 31 de xullo de 2018 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1188/2018, do 18 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Durante a ausencia de don Brais Cubeiro Fernández, desde o día 27 de xuño ao 16 de xullo de 2018, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro que ostenta a delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, don Brais Cubeiro Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

**Segundo:** Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

## 4.2. Rogos

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:21:12

Faise constar, antes da lectura do primeiro rogo, auséntase da sesión dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's).

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de xuño de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/1508 o día 26 de xuño de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:23:16**

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel.

Foron varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se interesa, a requirimento dos nosos veciños, polo estado de fontes e lavadoiros, entre outras infraestruturas do noso municipio. Neste caso, centramos a nosa petición na fonte de San Antonio, na parroquia de Anceis, ámbito de gran beleza enclavado en pleno Camiño de Santiago, especialmente maltratado ao seu paso polo noso municipio; cuxo estado de limpeza na actualidade deixa moito que desexar, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan ao presente rogo.

Ás humidades e falta de limpeza únense as herbas que cobren este belo recuncho do noso municipio, denotando o deixamento do noso goberno no seu mantemento.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno a adopción das medidas pertinentes para resolver á maior brevidade posible as deficiencias advertidas.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:24:28**

Lee o rogo don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Seguen sendo numerosas as queixas recibidas polos nosos veciños sobre o estado no que se atopan as instalacións deportivas existentes nas distintas parroquias do noso municipio. Entre as últimas queixas recibidas atópanse as dos veciños e usuarios da pista polideportiva de Cecebre, na que nos refiren que a propia pista conta coa existencia de varios buratos no firme, de máis de 10 cm. de profundidade e máis de 20 cm. de ancho. As mallas que delimitan o espazo deportivo atópanse rotas en varios dos seus tramos, varios dos seus elementos atópanse oxidados, como os postes que suxeitan a rede, e a maleza invade a pista.

Así mesmo, nas inmediacións da pista un dos valos de madeira atópase roto, así como as papeleiras, o que supón un perigo para veciños e usuarios.

De todo o anteriormente disposto achéganse fotografías que demostran o estado no que se atopan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do concelleiro competente se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas advertidos.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, acepta o rogo e comprométese a acometer con carácter inmediato estas cuestións, cando menos as máis importantes.

#### **3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:26:21**

Lee o rogo don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

O ano 2017 será lembrado en Galicia pola morea de incendios que chegou a xeneralizarse polo territorio de toda a comunidade autónoma, poñendo en serio risco non só elementos naturais e patrimoniais, senón a vida de moitos seres humanos. Como característica común dos incendios dos últimos anos destacou a cada vez máis frecuente aproximación das chamas a núcleos habitados, poñendo en perigo as vivendas e incrementando exponencialmente o risco de xerar vítimas humanas.

De aí que dende a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia se traballara para fomentar nos concellos a loita contra o fogo, sobre todo tendo en conta que conforme co disposto no artigo 25.2 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a protección civil e a prevención e a extinción de incendios son materias que deberán exercer, en todo caso, os municipios como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas; e servizos que, por mandato do artigo 26.1 c) do mesmo texto legal, o noso concello debe prestar tamén, en todo caso, por ter unha poboación superior a 20.000 habitantes. A iso debemos sumar as obrigas que debe cumprir o noso concello, conforme co establecido, entre outras, na Lei 3/2017, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras; e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Para fomentar esta colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos, o Goberno galego conta cun convenio de prevención e extinción de incendios con ata tres modalidades para outras tantas finalidades: adquisición de camións motobomba, rozas de maleza para a limpeza dos terreos que rodean núcleos habitados e contratación de brigadas; convenios que, a día de hoxe, e pese a ter sido requirido o Goberno de Cambre ata en tres ocasións, tanto en pleno como en comisións informativas, para que explicara as medidas e campañas levadas a cabo para este fin, non se nos constatou que se asinasen.

Ante o perigo que supón tal actitude en meses como os actuais, a negativa a subministrar información a requirimento da oposición e o temor de que esta materia non estea sendo tratada coa debida seriedade, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do Sr. alcalde de Cambre, que adopte as medidas necesarias para o máis adecuado cumprimento das obrigas esixidas pola normativa mencionada, coa finalidade de previr e, no seu caso extinguir, os incendios forestais no noso municipio.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que o Concello de Cambre levará a cabo as tarefas con medios propios.

### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/337 o día 25 de xuño de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 01:33:13

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente, na estrada CP-1707, nas proximidades da ponte da autoestrada na Gándara instaláronse gardarraíles xa existentes na mesma estrada, que supoñen un perigo sobre todo para motoristas e ciclistas, pero tamén para outros usuarios da vía, debido a que carecen de materiais que garantan a protección en caso de colisión contra eles.

O noso grupo municipal considera que o Concello de Cambre debería contribuír na medida do posible para mellorar a seguridade viaria nas estradas que transcorren polo concello, polo que debe esixir ás administracións responsables melloras na dita materia.

Por isto pregamos ao Goberno, solicite da Deputación da Coruña que adopten de maneira urxente se instale protección SPM ou outro material que garanta e atenúe a protección dos motoristas e ciclistas en caso de colisión contra os gardarraíles.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que se solicitará á Deputación no caso de que os técnicos municipais emitan informe favorable.

**2º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 01:35:39

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Os camiños do concello constitúen un elemento indispensable para a comunicación entre distintos lugares, existindo moitos viarios que polas súas características e falta de atención provocan situacións que os fan intransitables, motivado en gran medida na abundante maleza e obstáculos que impiden o seu tránsito en ausencia dunha actuación na conservación e vixilancia por parte da administración local.

Os camiños de servizo que discorren paralelos á autoestrada AP-9, fan difícil o seu tránsito, impedindo a circulación polo seu estado de abandono.

Por isto pregamos ao Goberno local tome as medidas correspondentes para a súa limpeza e acondicionamento.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

### 4.3. Preguntas

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:36:31

#### Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de xuño de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/1508 o día 26 de xuño de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

**1ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 01:36:37

Lee a pregunta dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

Os paneis informativos electrónicos que encontramos nos puntos neuráxicos da maior parte dos municipios, cumpren un importante labor de difusión de noticias de interese para os veciños, como o horario dos servizos públicos máis importantes, as convocatorias máis sinaladas da vida cotiá municipal (como a celebración de plenos, actos, conmemoracións), información sobre a celebración de festas, estado do tráfico, campañas en vigor, etc.

Motivo polo que non entendemos como existindo instalada esta infraestrutura en varios lugares do noso concello, e realizando o gasto da súa instalación, estes paneis informativos levan varios meses apagados, sen ofrecer a todos os veciños de Cambre o servizo que lles é propio. Iso sen contar coas pintadas das que están sendo obxecto, tal e como pode observarse nas fotografías que se achegan dos paneis informativos situados no centro de Cambre e no Paraugas do Temple.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite á concelleira competente en materia de Servizos, que informe sobre os paneis informativos, informe comprensivo de cal é o motivo da falta de funcionamento dos paneis informativos do noso municipio, data na que se ten previsto solucionar o dito problema e actuacións previstas para o seu adecuado mantemento.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 01:38:08

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Veciños de Aián comunicannos que a pista polideportiva do lugar se atopa en mal estado. O acceso a ela é complicado, ao atoparse sen rozar. A maleza invade a pista, a billa da auga existente non indica se a mesma é ou non é potable, e a tea metálica que delimita a dita pista está en mal estado, ademais de existir zonas nas que nin sequera existe, do que se achegan fotografías demostrativas do estado actual.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre as intervencións que está previsto realizar na dita pista e dos prazos das ditas intervencións.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 01:39:09

Lee a pregunta don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Membros da comunidade educativa do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre puxeron no noso coñecemento a existencia dunha serie de deficiencias nas instalacións existentes no dito centro. Entre elas fálase de problemas en tellados, aseos, patio de infantil, portas interiores, humidades, gretas en paredes interiores, etc. Ao parecer as ditas deficiencias xa foron postas de manifesto ao equipo de goberno sen que, ata o momento, teñan visto resultas as súas demandas.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao equipo de goberno cales foron as xestións ou intervencións realizadas dende o noso concello para resolver os defectos observados no colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre e cales van ser as xestións ou intervencións no futuro máis inmediato respecto das queixas remitidas.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta a pregunta.

**Pregunta de ACdC-SON presentada para o pleno ordinario do 31 de maio de 2018 pendente de contestar**

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:40:59

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> Olga Santos López.

Coa chegada do verán, é de interese que os montes e soares existentes no concello se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada. Aínda que este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia motivado no risco de incendios.

Distintas normas e leis regulan estas obrigas, pero correspóndelle o concello ordenar as execucións das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

Poden informarnos das medidas e campañas realizadas polo Goberno local, con base nas normativas establecidas polo Goberno autonómico?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito para este pleno**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/337 o día 25 de xuño de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:47:01**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

A maioría dos concellos da comarca (todos os da área metropolitana, menos Cambre) teñen un acordo asinado coa Consellería de Medio Rural para limpeza de montes e control de incendios. A subvención da Xunta acada o 75% para labores de tratamentos preventivos e contratación de brigadas.

Poden informarnos do motivo do rexeitamento da subvención?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:47:55**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Diversas administracións públicas, entre elas máis de 200 concellos, teñen amosado a súa solidariedade cos refuxiados que chegaron ao porto de Valencia procedentes do buque humanitario "Aquarius".

Tendo en conta a petición realizada polo presidente da FEMP a instancia do Goberno do Estado, sobre a colaboración dos concellos para a acollida das persoas refuxiadas como un xesto de labor humanitaria e de dereitos humanos.

O Grupo municipal de ACdC pregunta:

Realizou ou ten pensado realizar o Concello de Cambre algunha actuación en relación con este grave problema?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:48:49**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Poden informarnos do estado de cumprimento do acordo adoptado en outubro de 2017 segundo o que o Goberno de Cambre analizaría o chan máis próximo ás travesas contaminadas con creosota en Anceis, unha vez retiradas, por se se puidera ter visto contaminado, co paso do tempo, pola filtración por auga de choiva dos compoñentes químicos que forman a creosota?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.



Faise constar que antes de rematar a sesión, o señor alcalde fai unha mención especial ao veciño de Cambre don Xabier P. Docampo, polo seu labor tanto profesional como persoal, e amosa o sentir de todos os membros da Corporación, así como dos veciños e veciñas de Cambre, polo seu recente falecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia